



## **ASUNTO: COMUNICADO CONXUNTO MINISTERIO E SECTOR PESQUEIRO**

Tras a xuntanza mantida ao longo do día de hoxe entre representantes das Confrarías, encabezados polo Presidente da Federación Nacional, para tratar os problemas xurdidos pola aplicación das novas normas de control, ambos, Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e Confrarías emitiron un comunicado conxunto que pola súa importancia transcribimos a continuación:

"Co obxectivo de buscar solucións que garantan un cumprimento eficaz e compatible coa operatividade da frota, sen menoscabo das tarefas de control, o ministerio e o sector acordaron determinadas flexibilidades para facilitar a aplicación da normativa comunitaria.

Como resultado deste acordo e coa conformidade dos representantes do sector pesqueiro, a Secretaría Xeral de Pesca vai emprender as seguintes accións con carácter urgente:

### **1. En relación coa anotación de todas as capturas por especie desde o quilo cero cando estas sexan inferiores a 50 kg:**

- A Secretaría Xeral de Pesca adoptará unha resolución para establecer que os erros ou omisións na estimación das cantidades no diario de a bordo para especies con capturas inferiores a 50 quilos non constituirán unha infracción, sempre que a declaración de desembarque recolla a cifra correcta de cantidades por especie.
- Desde a Secretaría Xeral de Pesca daranse instrucións concretas aos servizos de inspección e control pesqueiro para aplicar as disposicións da citada resolución.
- España solicitaralle á Comisión Europea que presente unha proposta para modificar o regulamento de control de maneira que os erros nas anotacións para cantidades inferiores a 50 quilos por especie non constitúan un incumprimento. Así mesmo, mentres se tramita esta modificación, pedirase á CE a modificación do anexo IV do Regulamento 2023/2842 mediante un acto delegado, para que ditos erros non poidan ser considerados unha infracción grave.
- España presentará o denominado "punto varios" no Consello de Ministros de Agricultura e Pesca da Unión Europea do vindeiro 26 de xaneiro, que se celebrará en Bruxelas, para expoñer as cuestións anteriormente detalladas.

### **2. En canto á anotación das capturas por operación de pesca:**

- Na mesma resolución citada anteriormente, sinalarase que a obriga de facilitar información das capturas en cada lance de pesca (á que se refire o artigo 14.2.g)

Sr./a Patrón/a Maior da Confraría de Pescadores



do regulamento) se entenderá cumprida cando se facilite polo menos unha vez ao día, antes da entrada en porto ou no lugar de desembarque.

### **3. Respecto da notificación previa:**

- A Secretaría Xeral de Pesca establecerá, na mesma resolución, que esta notificación se realizará no momento en que o buque poña rumbo ao porto; polo tanto, non é necesario avisar con 4 horas de antelación, co fin de evitar esperas innecesarias. Exceptúanse desta previsión aqueles supostos nos que existan prazos específicos para a notificación previa ou para aqueles buques que estean suxeitos á obriga de preaviso.

Durante a reunión, o sector pesqueiro manifestou o seu compromiso de colaboración para aplicar estas medidas. Ademais, acordouse celebrar un novo encontro para avaliar a súa execución."

Tras esta comunicación, e os acordos acadados, a parada queda desconvocada.

Porto do Son 19 de xaneiro de 2026

O Presidente,

Sr./a Patrón/a Maior da Confraría de Pescadores